

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PARADAI
CURSO: PRIMARIA
MATERIA: ED. FÍSICA
DEPARTAMENTO: ED. FÍSICA
DATA: 06/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 1º e 2º de PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Recoñecer desde a perspectiva de participante as posibles situacións conflictivas xurdidas nos xogos aceptando as opinións dos e das demais.	EFB1.1.1. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. EFB1.1.2. Recoñece as condutas inadecuadas que se producen nos xogos.
B1.2. Buscar e presentar Información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.	EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan.	EFB2.2.3. Iníciase no equilibrio dinámico.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.	EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.	EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. EFB4.1.3. Realiza bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 3º e 4º DE PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.	EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.
B1.2. Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.5. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.	EFB2.2.4. Colócase á esquerda dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) en diferentes tipos de contornos intentando aplicar os xestos axeitados e utilizando os segmentos dominantes.
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos. EFB4.1.3. Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica. EFB4.1.4. Leva a cabo manifestacións artísticas en interacción cos compañeiros e compañeiras.
B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.	EFB5.3.1. Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, realizando un queceamento guiado.
B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades.	EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 5º e 6º DE PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.	EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase o seu desenvolvemento. EFB1.1.4. Recoñece e cualifica negativamente as as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.
B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	EFB1.2.1 Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.3 Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.1 Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural. EFB3.1.5 Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente da contorno e ás súas posibilidades. EFB3.1.1. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes.
B6.2. Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Seguimento dos envíos feitos polo alumnado. Os estándares que avalíen criterios da práctica motriz terán un valor do 60% na nota, a teoría un valor do 20% e a actitude terá un valor do 20%.</p>
	<p>Instrumentos: Practica motriz (Observación directa, estándares de aprendizaxe). Teoría (Traballos realizados polo alumnado, Kahoots). Actitud (estándares de aprendizaxe, observación directa). Observación directa realizarémola a través dos vídeos enviados cos retos feitos.</p>
Cualificación final	<p>Para os alumnos que teñen aprobados os trimestres anteriores: Terase en conta a cualificación das avaliacións primeira e segunda, facendo a súa media aritmética, a que lle sumaremos un máximo de 2 puntos correspondentes a valoración positiva e o interese mostrado pola realización das tarefas propostas na terceira avaliación. Para os alumnos que teñen algún trimestre anterior suspenso, ou ambos, valoraranse: As probas de recuperación/ traballos/ actividades que o profesor realice neste terceiro trimestre co fin de adquirir as competencias do/os trimestres suspensos.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Non é o caso</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Os criterios versarán sobre tódolos contidos impartidos nos dous primeiros trimestres. Prestando maior atención a: Participa de forma activa en todas as actividades físicas con atención e interese. Coñece e practica diferentes actividades físicas. Realiza danzas e movementos rítmicos mantendo o equilibrio e a composición.</p>
	<p>Criterios de cualificación: A cualificación terase en conta partindo das anteriores avaliacións, valorando o traballo realizado neste terceiro trimestre, primando a flexibilidade.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Realizarán as tarefas correspondentes a esta terceira avaliación. Observación do traballo realizado a través de vídeos, kahoots, proba telemática ou realización do traballo correspondente.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	As propostas que realizaremos serán de reforzo e recuperación do traballado ao longo dos dous primeiros trimestres. As tarefas a realizar están colgadas na aula virtual.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Traballaremos a través de retos, propostas con outros centros educativos. Promoveremos, dunha maneira lúdica, a participación da familia.
Materiais e recursos	Materiais e espazos están moi condicionados polo que empregaremos materiais non convencionais da educación física: material de elaboración propia ou do que dispoñan na casa. Materiais audiovisuais e informáticos. Buscaremos actividades que non precisen grandes espazos.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O alumnado será informado a través da plataforma de abalar móbil, aula virtual e instagram e páxina web.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.